

TEMPO DE DESMILITARIZAR,
TEMPO DE DESOBEDECER!



CAMPAÑA GALEGA
POLA OBXECCIÓN FISCAL
AO GASTO MILITAR 2024

COORDINADORA
ANTIMILITARISTA
GALEGA



É TEMPO DE DESMILITARIZAR! É TEMPO DE DESOBEDECER! FAI OBXECCIÓN FISCAL!

Vivimos con guerras, conflitos armados e xenocidios, máis de 50, espallados polo mundo.

E vivimos tempos que parecen anunciar novas guerras, mesmo de natureza nuclear. Día tras día escoitamos voces chamando a prepararse para a guerra, a dedicar cada vez máis recursos á súa preparación.

Son tempos de militarización e rearme por parte dos estados.

Levamos anos asistindo, antes da guerra de Ucraína ou do xenocidio en Gaza, a un gran aumento do gasto militar e do diñeiro destinado á adquisición de armas.

E como xa sabemos, á hora de elaborar os orzamentos xerais do Estado, o que se dedica a unha área, vai en detrimento doutra; o que se gasta en armamento e gasto militar, prexudica ao destinado a mellorar a calidade de vida da poboación, como a saúde, educación, vivenda, servizos sociais, loita contra a crise climática, desigualdade de xénero ou cultura.

Por outra banda, e non menos grave, esta deriva militarista do Estado español, da UE, da OTAN e do conxunto do mundo parece levarnos a un mundo máis bélico e inseguro. Esta carreira armamentística aumenta as posibilidades de novos conflitos. Ao longo da historia vimos moitas veces que a preparación para a guerra leva inexorablemente á guerra e que a paz só se consegue preparándose para ela.

Está nas nosas mans resistir estes preparativos: negar os nosos corpos, negar as nosas mentes e negar os nosos recursos para alimentar esta carreira cara á guerra, desobedecendo ás guerras nos traballos, nos impostos, e en todos os aspectos das nosas vidas.

Así, propoñemos, con máis validez que nunca, a obxección fiscal como forma de resposta mediante a desobediencia á loucura da guerra e os seus preparativos. A obxección fiscal preséntase, deste xeito, como medio para construír unha auténtica seguridade ante a falsa seguridade que proporciona a estrutura militar.

Temos que construír e financiar, coa obxección fiscal, unha seguridade integral, apoiando a organizacións e proxectos alternativos que contribúan a garantir os dereitos e liberdades que realmente valen a pena.

Nin unha persoa nin un euro para a guerra!

Desmantela os teus impostos e crea alternativas!

Galiza, abril 2024



_Que é a Obxección Fiscal ao Gasto Militar?

Unha campaña de desobediencia civil que consiste en desviar unha parte dos impostos -na declaración da renda- que se destinan a gasto militar a proxectos sociais que pulan por unha sociedade máis xusta e desmilitarizada.

_Por que obxectar?

Facéndoa apoiamos a loita contra o militarismo ao tempo que amosamos o noso rexeitamento ao gasto militar en particular e ao militarismo en xeral mentres nos solidarizamos con colectivos anticapitalistas.

_Como se fai?

Non aceptes o borrador de Facenda. No apartado "606" introduce a contía que queres desviar. Logo envía unha carta ao Ministerio de Facenda explicando a túa obxección xunto ao xustificante de ingreso da obxección.

_Que cantidade teño que obxectar?

Cada quen decide o que quere/pode obxectar, desde un 1 €uro simbólico até... Ti decides.

_A quen destino os cartos desviados?

Cos cartos podemos apoiar a colectivos, movementos ou loitas transversais á antimilitarista.

Propoñemos dous proxectos aos que desviar os cartos:

Aseia Galicia +info: aseiagalicia.gal

ISM Estado Español +info: spain.palsolidarity.org

En 2023 o estado español gastou máis de 60.000 millóns de euros en cuestións militares e de control social

Se tes dúbidas consulta a web
nonaogastomilitar.arkipelagos.net

ESPAZ  ABERT  ANTIMILITAR

COORDINADORA
ANTIMILITARISTA
GALEGA

